



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 20-06-2022

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 11:00 horas do día 20 de xuño de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO (asistencia telemática)

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS: D^a. MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA (asistencia telemática)

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ (asistencia telemática)

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión ordinaria celebrada o 06-06-2022

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación.

Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Subvencións

2.1.- Solicitud de subvención para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa de Voluntariado Sénior da Consellaría de Política Social, durante o ano 2022 (BS508C) Expediente: 2022/A008/000029

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 14-06-2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Programa da Consellaría de Política Social pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa Voluntariado Sénior, durante o ano 2022 (BS508C).

ANTECEDENTES

- No DOG núm. 101, do 27/05/2022, saen publicadas as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa Voluntariado sénior, durante o ano 2022 (BS508C). (Orde do 11 de maio de 2022).

A documentación a presentar é a seguinte:

- **Proxecto de actividades**
- **Certificación da existencia de crédito**
- **Solicitude (anexo I)**

Vistas as competencias da alcaldía, conforme ao artigo 21 das Bases de Réxime Local e que no Concello de Ponteceso están delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención do Programa da Consellaría de Política Social pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa Voluntariado Sénior, durante o ano 2022 (BS508C), de acordo coas bases do DOG, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

O importe da subvención que se solicita é de 600,00 €.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Consellería de Política Social a documentación esixida nas bases da convocatoria.

Asinado dixitalmente

O alcalde”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

2.2.- Solicitude de subvención para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa Servizo de Voluntariado xuvenil da Consellaría de Política Social, durante o ano 2022 (BS320A). Expediente: 2022/A008/000030

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 14-06-2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Programa da Consellaría de Política Social pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa Servizo de voluntariado xuvenil, durante o ano 2022 (BS320A).

ANTECEDENTES

- No DOG núm. 101, do 27/05/2022, saen publicadas as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa Servizo de voluntariado xuvenil, durante o ano 2022 (BS320A). (Orde do 12 de maio de 2022).

A documentación a presentar é a seguinte:

- **Proxecto de actividades**
- **Certificación da existencia de crédito**
- **Solicitude (anexo I)**

Vistas as competencias da alcaldía, conforme ao artigo 21 das Bases de Réxime Local e que no Concello de Ponteceso están delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención do Programa da Consellaría de Política Social pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no Programa Servizo de voluntariado xuvenil, durante o ano 2022 (BS320A), de acordo coas bases do DOG, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

O importe da subvención que se solicita é de 1.200,00 €.

SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Consellaría de Política Social a documentación esixida nas bases da convocatoria.

Asinado dixitalmente
O alcalde”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

2.3.- Solicitude de subvención do Programa PEL- Concellos Axudas ao sector das orquestras e verbenas, incluído na liña 1.3 do Plan de Emprego Local ano 2022 da Deputación da Coruña. Expediente: 2022/A008/000031

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 16-06-2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria do Programa PEL- Concellos Axudas ao sector das orquestras e verbenas

Expediente:2022/A008/000031

ANTECEDENTES

- No Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña núm.102, do 31 de maio de 2022, saíron publicadas as Bases Reguladoras do Programa PEL-concellos axudas ao sector das orquestras e verbenas incluído na liña 1.3 do Plan de Emprego Local ano 2022.
- Visto o expediente tramitado ao efecto de solicitude desta subvención 2022/A008/000031 contratación directa de orquestras para a realización de festas patronais, por importe de 7.000€, conforme ao anexo I das Bases Reguladoras do Programa Pel-concellos axudas ao sector das orquestras e verbenas.
- Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Lei 38/2033, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e normativa concordante.

- Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e a Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Polo anterior, propóñolle A Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención a concellos para contratación directa de orquestras para a realización de festas patronais populares durante o ano 2022, segundo as bases publicadas no BOP núm.102, do 31/05/2022, de acordo coas contías establecidas no cadro de orzamento e coas obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde, Xosé Lois García Carballido , para as actuacións precisas para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases da convocatoria.

Documento asinado electronicamente á marxe

O alcalde

Xosé Lois García Carballido"

Consta dilixencia emitida pola Intervención municipal o 17-06-2022, que sinala:

"DILIXENCIA DE INTERVENCIÓN

Dilixencia que extendo eu, Interventora, para facer constar que no expediente 2022/A008/000031 non figura documento algún que permita comprobar se o importe da subvención solicitada cubre a totalidade do gasto a realizar.

En consecuencia, **advirto por escrito** que a fiscalización de conformidade á existencia de crédito axeitado e suficiente queda condicionada á efectiva consignación, na cantidade que proceda, con carácter previo á execución do gasto.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino electrónicamente a presente dilixencia na data que figura na marxe.

A interventora

Lucía Mata Rodríguez"

Consonte ao artigo 92 do RD 2568/1986, o alcalde propón deixar o asunto sobre a mesa, a efectos de que se incorpore a información solicitada pola Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda a retirada deste asunto da orde do día, a efectos de que se incorpore a información solicitada pola Intervención.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 11:25 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións
no Concello de Ponteceso

Xosé Lois García Carballido

M.^a Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente á marxe.